



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Aprobación definitiva da modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución de auga do Concello de Melide

EDICTO

Aprobación definitiva da modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución de auga do Concello de Melide

Elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2020 sobre modificación do artigo 6 da Ordenanza municipal número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución da auga, publicado no BOP número 205, do 01/12/2020, e unha vez transcorrido o prazo de trinta días hábiles sen que se teña presentado ningunha reclamación, publícase o texto da modificación do artigo 6 da Ordenanza número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución de auga, que quedaría redactado como segue:

“Artigo 6.º.-COTA TRIBUTARIA.

Cota por subministración de auga: a cota tributaria en concepto de taxa por subministración de auga potable resulta de aplicar á base imponible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:

Tarifas do servizo de abastecemento:

1.–Abonados domésticos e comerciais:

1.1.–Mínimo de 10 m³ mes: 0,3781 €/m³

1.2.–Excesos: 0,4783 €/m³

2.–Usos industriais e obras:

2.1.–Mínimo de 30 m³ mes: 0,4340 €/m³

2.2.–Excesos: 0,5339 €/m³”

A modificación entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría e o texto da modificación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Melide, 29 de xaneiro de 2021.

O alcalde en funcións

Xosé Igrexas García

2021/702